

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de axudas para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por Orde do 5 de outubro de 2007, *Diario Oficial de Galicia* do 11 de outubro, estableceu as bases reguladoras e convocou axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil para centros educativos privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia a desenvolver no curso académico 2007-2008.

Rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros beneficiarios destas axudas, de acordo co artigo 9 da devandita orde.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder as axudas aos centros privados concertados que se indican a seguir:

Código	Centro	Concesión total/parcial	Cantidade concedida
15000600	CPR Ntra. Sra. del Rosario, Arzúa	Total	2.000,00 €
15032157	CPR Andaina, Culleredo	Parcial	2.394,60 €
15010769	CPR María Assumpta, Noia	Parcial	2.394,60 €
15013461	CPR San José, Pontedeume	Total	900,00 €
15015603	CPR La Salle, Santiago de Compostela	Parcial	2.394,60 €
15027046	CPR Raiola, Santiago de Compostela	Parcial	2.155,15 €
27004465	CPR Nosa Sra. do Pilar, Foz	Parcial	2.394,60 €
27011998	CPR La Merced, Sarria	Parcial	2.394,60 €
32001610	CPR Madre de Dios, Sobrado do Bispo, Barbadás	Total	1.000,00 €
32002973	CPR Sagrado Corazón, O Carballiño	Parcial	2.394,60 €
32003783	CPR Sagrado Corazón, Celanova	Parcial	2.394,60 €
32008707	CPR La Purísima, Ourense	Total	887,00 €
36006705	CPR Ntra. Sra. de los Dolores, Pontevedra	Parcial	2.394,60 €
36006997	CPR Santo Tomás, O Porriño	Parcial	2.394,60 €
36019876	CPR Santa María, Tui	Parcial	2.394,60 €
36010903	CPR Apóstol Santiago, Vigo	Total	1.928,05 €
36011518	CPR Mercantil, Vigo	Parcial	2.394,60 €
36011750	CPR Don Bosco, Vigo	Parcial	2.394,60 €
36012468	CPR San Francisco, Vilagarcía de Arousa	Parcial	2.394,60 €

Segundo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 107.1º, 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o dis-

posto nos artigos 10º, 14º e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a convocatoria para o ano 2008 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os funcionarios de carreira dos corpos docentes a que se refire a disposición adicional sétima da referida lei, así como os funcionarios dos corpos a extinguir a que se refire a disposición transitoria quinta da Lei 31/1991, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1992, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, poderán optar a un réxime de xubilación voluntaria ata a data en que finalice o proceso de implantación desta lei establecido na disposición adicional primeira, sempre que reúnan todos e cada un dos requisitos establecidos.

O acordo do Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007 determina o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará o Estado, previstas na Lei orgánica de educación para os funcionarios que imparten docencia en niveis non universitarios.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000, establécese o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará a Xunta de Galicia para incentivar a xubilación voluntaria dos funcionarios docentes que imparten docencia en niveis non universitarios, compatibles coas previstas no parágrafo anterior.

En virtude do exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Poderán solicitar a xubilación anticipada voluntaria, con efectividade do 31 de agosto do ano 2008, os funcionarios docentes que imparten as ensinanza reguladas na Lei orgánica de educación con destino nesta comunidade autónoma, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, pertencentes a algún dos seguintes corpos:

- Corpo de mestres.
- Corpo de catedráticos de ensino secundario.
- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo de profesores técnicos de formación profesional.
- Corpo de catedráticos de música e artes escénicas.
- Corpo de profesores de música e artes escénicas.
- Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño.
- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.
- Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas.
- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Corpos e escalas declaradas a extinguir con anterioridade á vixencia da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.

Segundo.-Tamén poderán solicitar a xubilación anticipada voluntaria:

a) Os funcionarios dos corpos de inspectores de educación, de inspectores ao Servizo da Administración Educativa e dos directores escolares de ensino primario, así como os funcionarios docentes adscritos á función inspectora a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública modificada pola Lei 23/1988, do 22 de xullo.

b) O persoal laboral docente que participou no proceso de funcionarización convocado pola Orde do 4 de maio de 2007 (DOG do 15 de maio).

c) O persoal funcionario docente procedente do ISM, pendente da súa integración nos corpos docentes, a que se refire a Lei orgánica de educación.

Sempre que en todos os casos reúnan os requisitos do punto terceiro desta orde, agás no que se refire á adscrición a postos pertencentes aos cadros de persoal de centros docentes.

Terceiro.-Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación da solicitude en postos pertencentes aos correspondentes cadros de persoal de centros docentes ou que, durante unha parte dese período, permanecesen en situación de servizos especiais ou tivesen ocupado un posto de traballo que dependa funcional ou orgánicamente das administracións educativas ou ben se lles tivese concedido excedencia por algún dos supostos recollidos no artigo 29, apartado 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificado pola Lei 39/1999, do 5 de novembro, e pola Lei 51/2003, do 2 de decembro.

b) Ter cumpridos sesenta anos de idade 31 de agosto do ano 2008.

c) Ter acreditados un mínimo de quince anos de servizos efectivos ao Estado o 31 de agosto de 2008.

Cuarto.-Os funcionarios que se xubilen de acordo co disposto na disposición transitoria segunda da Lei orgánica de educación, que teñan acreditados no momento da xubilación cando menos vinte e oito anos de servizos efectivos ao Estado, segundo a idade, corpo de pertenza e anos de servizo efectivos, percibirán por unha soa vez:

a) A gratificación establecida no acordo do Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007.

b) A gratificación establecida no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000.

A contía das gratificacións publícase no anexo II desta orde.

Quinto.

1. Os funcionarios dos corpos docentes aos cales se refire a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, acollidos a réximes de Seguridade Social ou de previsión distinto do de clases pasivas, poderán optar, no momento da solicitude da xubilación voluntaria, por incorporarse ao réxime de clases pasivas do Estado, para efectos do dereito aos beneficios contemplados nesta disposición, así como á súa integración no réxime especial de funcionarios civís do Estado.

2. Os funcionarios de carreira dos corpos docentes acollidos a réximes da Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, que non exerzan a opción establecida no parágrafo anterior, poderán percibir as gratificacións extraordinarias nun importe equivalente ao dobre das que se publican no anexo II a esta orde, sempre que causen baixa definitiva na súa prestación de servizos ao Estado por xubilación voluntaria ou por renuncia á súa condición de funcionario, e reúnan os requisitos establecidos nos puntos terceiro e cuarto desta orde.

Sexto.-As solicitudes deberán presentarse ata o día 28 de febreiro do 2008, segundo o modelo que se publica como anexo I, nas delegacións provinciais correspondentes ao centro de destino do solicitante ou nos lugares e forma que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétimo.-Unha vez iniciado o procedemento, unicamente serán aceptadas as renuncias que se presenten con anterioridade ao 1 de abril do ano 2008.

Oitavo.-A secretaría xeral resolverá as solicitudes presentadas e, cando proceda, propondrá a resolución de xubilación anticipada voluntaria con indicación da contía de gratificación extraordinaria e diferenciando entre a prevista nas alíneas a) e b) do punto cuarto desta orde.

Noveno.-Coa paga ordinaria do último mes de servizo activo percibirase a totalidade da gratificación estatal establecida polo acordo do Consello de Ministros e o corenta por cento da establecida polo acordo do Consello da Xunta de Galicia. O sesenta por cento restante será aboado nas mesmas datas que a nómina do mes de marzo do ano inmediatamente seguinte.

Décimo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
 Conselleira de Educación e Ordenación
 Universitaria

ANEXO I

XUBILACIÓN VOLUNTARIA ANTICIPADA

SOLICITANTE
Don/a..... con DNI..... e NRP....., data de nacemento (*)....., e enderezo en....., nº de teléfono....., código postal concello de....., provincia de....., funcionario/a de carreira do corpo de..... adquirida a condición de: Catedrático Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Con destino no....., concello de acredita un total deanos,meses edías de servizos efectivos ao Estado o 31 de agosto.
DECLARA: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación desta solicitude en postos docentes; para estes efectos compútase o tempo que permanecese na situación de servizos especiais ou ocupando postos dependentes funcional ou organicamente das administracións educativas así como a situación de excedencia por coidado de fillos ou dalgún familiar nos termos que establece o artigo 29.4º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificado pola Lei 39/1999, do 5 de novembro e pola Lei 51/2003, do 2 de decembro. ▪ Ter cumpridos sesenta anos ou cumprilos con anterioridade ao 31 de agosto de 2008.
SOLICITA: <ul style="list-style-type: none"> ▪ A xubilación prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio). ▪ No caso dos funcionarios incluídos en réximes de Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, poden optar por quedar integrados neste último a partir do 31 de agosto deste ano (marque o que proceda): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> de de 2008. Asdo.:
DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN
Don/a....., secretario/a da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de CERTIFICO que don/a..... acreditaanos,meses edías, á vista do seu expediente persoal o 31 de agosto de 2007. O que certifico en de..... de 2008. Sinatura e selo

ANEXO II

Táboas de gratificacións

Mestres (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.747,33	1.796,25	1.796,25	1.796,25	1.845,17	1.845,17	1.845,17	1.894,09
	GX	3.257,00	3.348,20	3.348,20	3.348,20	3.439,39	3.439,39	3.439,39	3.530,59
	T	5.004,33	5.144,45	5.144,45	5.144,45	5.284,56	5.284,56	5.284,56	5.424,68
63	GL	1.901,37	1.901,37	1.901,37	1.950,29	1.950,29	1.950,29	2.005,83	2.005,83
	GX	3.544,13	3.544,13	3.544,13	3.635,34	3.635,34	3.635,34	3.738,86	3.738,86
	T	5.445,50	5.445,50	5.445,50	5.585,63	5.585,63	5.585,63	5.744,69	5.744,69
62	GL	2.005,83	2.005,83	2.062,02	2.062,02	2.062,02	2.117,56	2.355,55	2.760,81
	GX	3.738,86	3.738,86	3.843,60	3.843,60	3.843,60	3.947,11	4.390,76	5.146,16
	T	5.744,69	5.744,69	5.905,62	5.905,62	5.905,62	6.064,67	6.746,31	7.906,97
61	GL	2.110,94	2.166,47	2.166,47	2.508,94	2.941,96	3.452,34	4.053,29	
	GX	3.934,79	4.038,29	4.038,29	4.038,29	4.676,64	5.483,82	6.435,16	7.555,33
	T	6.045,73	6.204,76	6.204,76	6.204,76	7.185,58	8.425,78	9.887,50	11.608,62
60	GL	2.166,47	2.166,47	2.487,77	2.921,47	3.424,58	4.018,26	4.710,44	5.520,96
	GX	4.038,29	4.038,29	4.637,21	5.445,61	6.383,39	7.490,03	8.780,25	10.291,08
	T	6.204,76	6.204,76	7.124,98	8.367,08	9.807,97	11.508,29	13.490,69	15.812,04

GL: GRATIFICACIÓN LOE

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

Mestres (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.257,00	3.348,20	3.348,20	3.348,20	3.439,39	3.439,39	3.439,39	3.530,59
63	GX	3.544,13	3.544,13	3.544,13	3.635,34	3.635,34	3.635,34	3.738,86	3.738,86
62	GX	3.738,86	3.738,86	3.843,60	3.843,60	3.843,60	3.947,11	4.390,76	5.146,16
61	GX	3.934,79	4.038,29	4.038,29	4.038,29	4.676,64	5.483,82	6.435,16	7.555,33
60	GX	4.038,29	4.038,29	4.637,21	5.445,61	6.383,39	7.490,03	8.780,25	10.291,08

Pes, música e artes escénicas (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	2.089,78	2.152,59	2.152,59	2.152,59	2.208,79	2.208,79	2.208,79	2.271,59
	GX	3.895,35	4.012,43	4.012,43	4.012,43	4.117,16	4.117,16	4.117,16	4.234,23
	T	5.985,13	6.165,02	6.165,02	6.165,02	6.325,95	6.325,95	6.325,95	6.505,82
63	GL	2.278,20	2.278,20	2.278,20	2.341,01	2.341,01	2.341,01	2.404,48	2.404,48
	GX	4.246,57	4.246,57	4.246,57	4.363,64	4.363,64	4.363,64	4.481,94	4.481,94
	T	6.524,77	6.524,77	6.524,77	6.704,65	6.704,65	6.704,65	6.886,42	7.256,39
62	GL	2.404,48	2.404,48	2.467,28	2.467,28	2.467,28	2.536,70	2.795,19	3.284,41
	GX	4.481,94	4.481,94	4.599,00	4.599,00	4.599,00	4.728,40	5.210,24	6.122,14
	T	6.886,42	6.886,42	7.066,28	7.066,28	7.066,28	7.265,10	8.005,43	9.406,55
61	GL	2.530,09	2.600,17	2.600,17	2.600,17	2.984,27	3.501,27	4.102,22	4.808,29
	GX	4.716,07	4.846,70	4.846,70	4.846,70	5.562,68	6.526,35	7.646,52	8.962,64
	T	7.246,16	7.446,87	7.446,87	7.446,87	8.546,95	10.027,62	11.748,74	13.770,93
60	GL	2.600,17	2.600,17	2.950,50	3.466,22	4.067,17	4.765,97	5.590,38	6.562,22
	GX	4.846,70	4.846,70	5.510,92	6.461,03	7.581,22	8.893,77	10.420,47	12.231,98
	T	7.446,87	7.446,87	8.467,42	9.927,25	11.648,39	13.649,74	16.010,85	18.794,20

GL: GRATIFICACIÓN LOE

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

PES, música e artes escénicas (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.895,35	4.012,43	4.012,43	4.012,43	4.117,16	4.117,16	4.117,16	4.234,23
63	GX	4.246,57	4.246,57	4.246,57	4.363,64	4.363,64	4.363,64	4.481,94	4.481,94
62	GX	4.481,94	4.481,94	4.599,00	4.599,00	4.599,00	4.728,40	5.210,24	6.122,14
61	GX	4.716,07	4.846,70	4.846,70	4.846,70	5.562,68	6.526,35	7.646,52	8.962,64
60	GX	4.846,70	4.846,70	5.510,92	6.461,03	7.581,22	8.893,77	10.420,47	12.231,98

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

Profesores técnicos de formación profesional (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	1.747,33	1.796,25	1.796,25	1.796,25	1.845,17	1.845,17	1.845,17	1.894,09
	GX	3.257,00	3.348,20	3.348,20	3.348,20	3.439,39	3.439,39	3.439,39	3.530,59
	T	5.004,33	5.144,45	5.144,45	5.144,45	5.284,56	5.284,56	5.284,56	5.424,68
63	GL	1.901,37	1.901,37	1.901,37	1.950,29	1.950,29	1.950,29	2.005,83	2.005,83
	GX	3.544,13	3.544,13	3.544,13	3.635,34	3.635,34	3.635,34	3.738,86	3.738,86
	T	5.445,50	5.445,50	5.445,50	5.585,63	5.585,63	5.585,63	5.744,69	5.744,69
62	GL	2.005,83	2.005,83	2.062,02	2.062,02	2.062,02	2.389,93	2.795,19	3.284,41
	GX	3.738,86	3.738,86	3.843,60	3.843,60	3.843,60	4.454,81	5.210,24	6.122,14
	T	5.744,69	5.744,69	5.905,62	5.905,62	5.905,62	6.844,74	8.005,43	9.406,55
61	GL	2.110,94	2.166,47	2.166,47	2.543,97	2.984,27	3.501,27	4.102,22	4.808,29
	GX	3.934,79	4.038,29	4.038,29	4.741,95	5.563,91	6.526,35	7.646,52	8.962,64
	T	6.045,73	6.204,76	6.204,76	7.285,92	8.548,18	10.027,62	11.748,74	13.770,93

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
60	GL	2.166,47	2.522,82	2.956,50	3.466,22	4.067,17	4.765,97	5.590,38	6.562,22
	GX	4.038,29	4.702,53	5.510,92	6.461,03	7.581,22	8.893,77	10.420,47	12.231,98
	T	6.204,76	7.225,35	8.467,42	9.927,25	11.648,39	13.649,74	16.010,85	18.794,20

GL: GRATIFICACIÓN LOE

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

Profesores técnicos de formación profesional (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.257,00	3.348,20	3.348,20	3.348,20	3.439,39	3.439,39	3.439,39	3.530,59
63	GX	3.544,13	3.544,13	3.544,13	3.635,34	3.635,34	3.635,34	3.738,86	3.738,86
62	GX	3.738,86	3.738,86	3.843,60	3.843,60	3.843,60	3.947,11	4.454,81	5.210,24
61	GX	3.934,79	4.038,29	4.038,29	4.741,95	5.563,91	6.526,35	7.646,52	8.962,64
60	GX	4.038,29	4.702,53	5.510,92	6.461,03	7.581,22	8.893,77	10.420,47	12.231,98

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

Catedráticos (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GL	2.089,78	2.152,59	2.152,59	2.152,59	2.208,79	2.208,79	2.208,79	2.271,59
	GX	3.895,35	4.012,43	4.012,43	4.012,43	4.117,16	4.117,16	4.117,16	4.234,23
	T	5.985,13	6.165,02	6.165,02	6.165,02	6.325,95	6.325,95	6.325,95	6.505,82
63	GL	2.278,20	2.278,20	2.278,20	2.341,01	2.341,01	2.341,01	2.404,48	2.404,48
	GX	4.246,57	4.246,57	4.246,57	4.363,64	4.363,64	4.363,64	4.481,94	4.481,94
	T	6.524,77	6.524,77	6.524,77	6.704,65	6.704,65	6.704,65	6.886,42	7.256,39
62	GL	2.404,48	2.404,48	2.467,28	2.467,28	2.467,28	2.536,70	2.795,19	3.284,41
	GX	4.481,94	4.481,94	4.599,00	4.599,00	4.599,00	4.728,40	5.210,24	6.122,14
	T	6.886,42	6.886,42	7.066,28	7.066,28	7.066,28	7.265,10	8.005,43	9.406,55
61	GL	2.530,09	2.600,17	2.600,17	2.600,17	2.984,27	3.501,27	4.102,22	4.808,29
	GX	4.716,07	4.846,70	4.846,70	4.846,70	5.562,68	6.526,35	7.646,52	8.962,64
	T	7.246,16	7.446,87	7.446,87	7.446,87	8.546,95	10.027,62	11.748,74	13.770,93
60	GL	2.600,17	2.600,17	2.950,50	3.466,22	4.067,17	4.765,97	5.590,38	6.562,22
	GX	4.846,70	4.846,70	5.510,92	6.461,03	7.581,22	8.893,77	10.420,47	12.231,98
	T	7.446,87	7.446,87	8.467,42	9.927,25	11.648,39	13.649,74	16.010,85	18.794,20

GL: GRATIFICACIÓN LOE

GX: GRATIFICACIÓN XUNTA

Catedráticos (2008)

IDADE		28	29	30	31	32	33	34	35
64	GX	3.895,35	4.012,43	4.012,43	4.012,43	4.117,16	4.117,16	4.117,16	4.234,23
63	GX	4.246,57	4.246,57	4.246,57	4.363,64	4.363,64	4.363,64	4.481,94	4.481,94
62	GX	4.481,94	4.481,94	4.599,00	4.599,00	4.599,00	4.728,40	5.210,24	6.122,14
61	GX	4.716,07	4.846,70	4.846,70					